



# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL



## QuE tes que ter en conta?

- Os nenos aprenden por imitación, polo que debes de ofrecerlles un modelo de fala axeitado, usando xestos para favorecer a comprensión. Calquera momento é bo para iniciar unha conversa: supermercado, parque, coche...
- Debes falarlle moito, amodo e sen berrar, a estimulación recíbese escoitando falar aos outros.
- Non debes corrixilo constantemente, nin facerlle repetir, e moito menos regañarlle polos erros que comete, se non que lle tes que devolver o modo axeitado de dicir o que dixo mal.
- Non debes facelo consciente continuamente de que non se lle entende porque se pode frustrar. Tampouco o compares cos demais, cada neno leva o seu ritmo de desenvolvemento.
- Non respondas por el nin o interrompas, deixa que se exprese libremente.
- Trátalo acorde á súa idade, e non como se fose máis pequeno.
- Axúdalle a ampliar o seu vocabulario: se di "pelota", ti podes dicirlle: "si, esa pelota bota moito, gústache xogar coa pelota?".



# PAUTAS E ACTIVIDADES TIPO PARA FAVORECER A LINGUAXE E A AUTONOMÍA

## 3 ANOS

- Xogos de sopro: inflar globos, matasogras, sorber por unha palliña...
- Lectura de contos.
- Xogar ao vexo vexo.
- Xogar a facer "muecas".
- Xogar ás onomatopeas: como fai o león, imitar o son dunha mosca...
- Aprender cancións, rimas, retahílas...

## 4 ANOS

- Buscar palabras que comecen pola mesma letra: avión, Ana, ala,...
- Facer opostos: frío/calor, alto/baixo..
- Analoxías do tipo: polo día sae o sol e pola noite...
- Lerlle contos con diferentes entoacións e facéndolle preguntas sobre as imaxes, persoaxes..

## 5 ANOS

- Despois de ler un conto, pedirle que invente o título, outro final ou outra historia.
- Buscar palabras que comecen pola mesma sílaba: casa, camiión, cama.
- Xogar a palabras encadeadas.
- Dicir nomes de animais, froitas, comidas...
- Xogar a acumular palabras: can-can, gato-can, gato, elefante...

## MOI IMPORTANTE

- ⊘ **NON** usar chupete.
- ⊘ **NON** usar biberón.
- ⊘ **NON** abusar de alimentos brandos ou comida triturada.
- ⊘ **NON** falarlle como se fose un bebé.
- ✓ Intentar que se vista so/soa.
- ✓ Implicalos nas tarefas domésticas.
- ✓ Intentar que durma no seu cuarto.

É importante ter en conta estas indicacións para evitar problemas dentarios e de articulación, tamén para axudarlle a fortalecer a musculatura da fala e para favorecer o desenvolvemento máis autónomo do/a neno/a.